

O CENTRO NON PODE RESISTIR

TALLER DE CABELLO/CARCELLER

Previa inscrición

Prazas limitadas a 14 participantes

Sábado 12, de 11 a 14 e

de 16 a 19 horas

Domingo 13, de 11 a 14 horas

CONFERENCIA DE CABELLO/CARCELLER

Entrada libre

Sábado 12, ás 19.30 horas

Cabello/Carceller é un colectivo de artistas formado por Helena Cabello (París, 1963) e Ana Carceller (Madrid, 1964) que goza de recoñecemento internacional polo seu especial interese en desenvolver a temática de xénero. Imparten clases en numerosas universidades e centros, e están adscritas á Facultade de Belas Artes de Cuenca. A súa obra comezou a desenvolverse nos anos noventa no ámbito multimedia, servíndose da fotografía, o vídeo, son, etc.; desde entón compaxinaron o seu labor artístico coa teoría e o comisariado. O seu traballo reflexiona sobre a cuestión da identidade e a súa constitución performativa, con proxectos que subliñan a importancia de construír ou reescribir as poéticas colectivas desde posicións diverxentes, recordando a necesidade de estudar as experiencias alternativas, revisando as políticas sexuais e de xénero, aplicadas mesmo ao espazo e ao deseño arquitectónico, e de cuestionar as narrativas propagandísticas das ficcións cinematográficas máis convencionais. O seu traballo foi incluído recentemente en *Art and Queer Culture*, unha revisión histórica publicada por Phaidon Press e escrita por Catherine Lord e Richard Meyer, así como na Bienal de Venecia de 2015, como integrantes do Pavillón de España. Expuxeron en importantes colectivas no Brooklyn Museum, Nova York; MOMA, Moscu Museum of Modern Art, Moscu; Akademie der Künste, Berlín, entre outros.

● FUNDACIÓN LUIS SEOANE 11/12 - 20/12

TALLER DE GABRIEL ABRANTES

Previa inscrición

Prazas limitadas a 14 participantes

Venres 19, de 16 a 20 horas

Sábado 20, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas

CONFERENCIA DE GABRIEL ABRANTES

Entrada libre

Sábado 20, ás 19.30 horas

Gabriel Abrantes (Carolina do Norte, EE.UU., 1984) participou en festivais como os de Venecia, Toronto, Londres ou Róterdam. Nunha liña de contacto entre o cine e as artes visuais, a obra de Gabriel Abrantes abarca temas como a inmigración, o poscolonialismo e a guerra baixo un tono irónico e inquietante cunha ollada sen tabúes. As súas películas conforman unha beleza formal que contrasta coa dureza dos temas que tratan.

A obra de Gabriel Abrantes constitúe un retrato dos nosos días, non só pola pluralidade de referencias que convoca –do local ao global, do persoal ao colectivo, da actualidade á historia–, senón polo modo descentrado como son traballadas. Christopher Kihm sinala que “o cinema arcaico de Gabriel Abrantes é un laboratorio de lugares comúns (étnico, social, político, cultural ou artístico), e iso demostra, a través de deslocamentos e redistribucións, como é posible tecer novas historias, definir novos problemas e delinear novas verdades”.

CICLO DE CINE *O CENTRO NON PODE RESISTIR*

Descenramentos da figura na paisaxe urbana

Programador: José Manuel López

Entrada libre

SESIÓNS - 20.30 HORAS

Venres 11

Manhã de Santo António (25')

João Pedro Rodrigues / Portugal / 2012

Trabajadores saliendo de la fábrica (Otra vez) (11')

Katharina Gruzei / Alemaña / 2012

Walker (25')

Tsai Ming-liang / Malasia, Hong Kong / 2012

Kubrick (14')

Chus Domínguez / España / 2012

Sábado 12

Quiero ver (75')

Joana Hadjithomas y Khalil Joreige / Francia, Libano / 2008

Domingo 13

Pódwarka (31')

Sharon Lockhart / EE.UU. / 2010

No novo ceio (06')

Eloy Domínguez Serén / España / 2014

Horizontes (05')

Miguel Aparicio / España / 2013

Tokyo Giants (22')

Nicolas Provost / Francia / 2012

200.000 fantômes (11')

Jean-Gabriel Périot / Francia / 2007

Martes 15

Naturaleza muerta (110')

Jia Zhang-ke / China / 2006

Mércores 16

This is a History of New York (22')

Jem Cohen / EE.UU. / 1987

Three Stories (15')

Lee Anne Schmitt / EE.UU. / 2011

No Border (Aspettavo Che Scendesse La Sera)

(24') Sylvain George / Francia / 2008

Enero, 2012 o la apoteosis de Isabel la

Católica (18') Los hijos / España / 2012

Xoves 17

Dong (70')

Jia Zhang-ke / China / 2006

Todas as actividades son de carácter gratuito. Para inscribirse aos

talleres é preciso enviar un correo:

actividades@fundacionluissecafe.gal

ORGANIZA:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

